

# PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN ALUMNADO NOVO NO CENTRO CURSO 2020/2021

**NORMATIVA DE APLICACIÓN-** ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2ºciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOGA DO 1 DE FEBREIRO DE 2017)

## PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: DO 1 AO 20 DE MARZO DE 2020

A solicitude deberá axustarse ao modelo normalizado (anexo II modelo ED550B). Pode descargarse desde esta páxina web e unha vez correctamente cuberta e asinada deben presentala na secretaría do centro.

Tamén pode presentarse en sede electrónica da Xunta de Galicia. Esta solicitude será única e terá carácter vinculante.

O impreso será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e poderá descargarse da páxina web da Consellería de Educación.

A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais.

**IMPORTANTE:** No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos/as proxenitores/as, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles.

## DOCUMENTACIÓN

«O/a proxenitor/a ou representante do alumnado deberá achegar coa **solicitud de admisión** a seguinte documentación:

a) Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.

b) Copia do documento acreditativo do requisito de idade do alumnado. ( D.N.I., PASAPORTE OU LIBRO DE FAMILIA )

c) Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo (certificado de matrícula do centro de orixe).

d) No caso de separación xudicial ou divorcio, o convenio regulador ou resolución xudicial».

**TODA A INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO ESTÁ RECOLLIDA NO SEGUINTE ENLACE:**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED55A>

**A Dirección**